



07

PRODUCCIÓN ESCÉNICA GALEGA

G

XUNTA DE GALICIA

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais
Consellaría de Cultura e Deporte

Adaptación textos: Noelia Hermida

Revisión lingüística: Ramiro Combo

Deseño e maquetación: Uqui ||||| Cebra

Impresión: Litonor

D.L.: C 3594-2007

Os datos e contidos deste catálogo extraéronse
das fichas que as propias compañías presentaron
na Rede Galega de Teatros e Auditorios

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es

07

G

PRODUCCIÓN

O 2007 está sendo un ano especial para as artes escénicas galegas. Por unha banda, a celebración do 125 aniversario da primeira representación dramática moderna na nosa lingua (*A fonte do xuramento*, de Francisco M^a de la Iglesia, o 13 de agosto de 1882 no Liceo Brigantino da Coruña) fíxonos botar os ollos ao pasado e orgullecérmonos dunha historia e dun patrimonio construídos a pesar das numerosas e moi graves dificultades que o teatro galego, ao igual que o resto da nosa cultura, tivo que soportar e superar ao longo deste tempo. Doutra banda, o proceso de definición do Plan Galego das Artes Escénicas, comezado na primavera deste ano e que rematará a comezos do vindeiro, foi a ocasión perfecta para podermos mirar ao futuro con máis optimismo e ilusión.

Coñecer o noso pasado e planificar o noso futuro, velaí as liñas de forza dun ano no que, todos e todas, asumimos a necesidade de construír colectivamente un novo contexto sociocultural para as artes escénicas galegas, un novo contexto que permita e favoreza o desenvolvemento pleno das mesmas en todas as súas dimensións e devolva “o ruidente aprauso” co que foron acollidas hai 125 anos aos homes e mulleres do teatro, o circo e a danza do noso país.

E o presente? No traballo cotián, e con boa parte del recollido neste catálogo do que o ano 2007 nos deixa canto á produción escénica das nosas compañías.

A edición anual desta publicación buscará dotar aos profesionais das artes escénicas e, nomeadamente, aos técnicos, xestores e programadores culturais dunha ferramenta de traballo útil para o desenvolvemento do seu labor en relación ás propostas escénicas dos sectores do teatro, a danza e o novo circo en Galicia.

ESCÉNICA GALEGA 07

No deste ano, que tes agora entre as mans, máis de trinta compañías galegas de teatro e danza, participantes unhas na XV edición da Feira de Artes Escénicas de Galicia e integrantes, outras, da relación de compañías con maior nivel de distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios nos informan sobre os seus espectáculos e traxectoria.

Que a súa consulta sexa de interese e utilidade.

Ábrese o pano...

	A FACTORÍA TEATRO
08	Castronós. O baile
	ANCORA PRODUCCIONES
10	Medidas preventivas
	ESPELLO CÓNCAVO
12	Zardigot
	FULANO, MENGANO E CITANO
14	Arte
	LAGARTA, LAGARTA
16	As últimas lúas
	MATARILE TEATRO
18	Truenos & misterios
	NOVE-DOUS TEATRO
20	Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas
	NUT TEATRO
22	Corpos disidentes
	PISTACATRO
	PRODUTORA DE SOÑOS
24	Kamikaze
	SARABELA TEATRO
26	Margar no pazo do tempo
	TEATRO DE ADRO
28	Comida chinesa
	TEATRO DE NINGURES
30	Emigrados
	TEATRO DO ATLÁNTICO
32	A bombilla máxica
	TEATRO DO MORCEGO
34	O burgués fidalgo
	TEATRO DO NOROESTE
36	Romeo e Xulieta
	TEATRO GALILEO
38	Rosso profundo in punto di morte

INFANTIL

- BERROBAMBÁN TEATRO
42 Boas noites
- GALITON
44 Golulá
- LA IMAGINA MACHINA
46 A viaxe de Efi
- OS MONICREQUES DE KUKAS
Sen título 4x8x6
48 (técnica mixta sobre o escenario)
- PRODUCCIÓN ACONTRABUTACA
50 Robin Hood
- SAPRISTI
52 Ó son das cousas
- TALÍA TEATRO
54 O merlo branco
- TANXARINA TÍTERES
56 Sombreiros sen chapeu
- TÍTERES CACHIRULO
58 Do, re, mi, Mozart xoga aquí
- TÍTERES TROMPICALLO
60 Bolboreta

DANZA

- CÍA. GALEGA DE DANZA
CONTEMPORÁNEA - BALLET
JESÚS QUIROGA
64 A luz...
- DISQUE DANZA
66 Menú vexetal (dáme verde)
- EXPERIMENTA DANZA
68 Arte a escena
- JAVIER MARTÍN
70 Insultos privados (Sangre en el espejo)
- PISANDO OVOS
72 30.000

A Factoría Teatro

Mercedes González Castro

Rúa da Atalaia, n.º 2

15704 Santiago de Compostela (A Coruña)

Telf.: 981 534 134

679 449 970

Fax: 981 534 185

afactoria_teatro@yahoo.es

A Factoría Teatro, fundada por Cristina Domínguez Dapena e Alfredo Rodríguez Fernández, comeza a súa andaina na primavera de 1992.

Nace pola necesidade dos seus compoñentes de crear un espazo de difusión e potenciación da creación teatral contemporánea dentro dun traballo de investigación no mundo artístico e pedagóxico. Así, oito anos máis tarde, inaugura o asesoramento pedagóxico no departamento de teatro dentro da escola de teatro e danza A Artística, xestionado pola Asociación Cultural Ailala, un espazo dedicado ao fomento das artes escénicas, en especial ao teatro e á danza contemporánea, sito en Vigo.

Destacan os espéctáculos: *Voces no vento* (1992), *Na soeidade dos campos de algodón*, de Bernard Marië Koltès (1994), dirixida por Cristina Domínguez Dapena. *Cantos, contos, contos*, de Xavier Picallo a propósito de Lewis Carroll (1995), dirixida por Alfredo Rodríguez. *Para o leste de Gantry*, de Edwards Thomas (1997), por Cristina Domínguez. *A casa da América*, de Edwards Thomas (1998), por Cristina Domínguez. *O faiado encantado*, de Alberto Rubio sobre textos de W. Shakespeare (1999), dirixida por Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle. *As presidentas*, de Werner Schwab (2000), por Cristina Domínguez. *Coitelos nas galiñas*, de David Harrower (2001), dirixida por Cristina Domínguez. *O canto do dime-dime*, de Daniel Danis (2003), por Cristina Domínguez. *Lesí cebola contra a doutora rabia rabiña*, de Xavier Picallo (2004), por Alfredo Rodríguez. *Tío Vania*, de Antón Chejov (2005), por Cristina Domínguez.

Outros espéctáculos puntuais foron: *Arianrod* (1992), *Xogar con Blanco Amor* (1993), *Pervertimentos* (1994) e *O Banquete* (1995).





A FACTORÍA TEATRO

Autor: Xavier Picallo
Dirección: Xoán Cejudo
Escenografía: Xavier Picallo
Deseño de son: Ugia Pedreira, Marul e Ouvirmos
Iluminación: Paco D
Vestuario: La Canalla
Coreografía: Olga Cameselle
Elenco: Rocío González, Alfredo Rodríguez,
Toño Salgado, Marcos Correa
Músicos: Pedro Pascual, Pablo Pascual
Solista: Ugia Pedreira
Bailarinas: Carmela Bueno e Olga Cameselle

Castronós. O baile

Unha viaxe ao longo dos últimos cen anos sociopolíticos e culturais de Galiza. A través de tres xeracións dunha mesma familia no eido ficcional, contrapóñense as súas experiencias de personaxes ás figuras históricas que tiveron lances importantes na construción de Galiza.

Un trenzado de músicas, danza e fala que nos sitúa historicamente diante do que fomos dun xeito didáctico para coñecer o que somos na actualidade e ao que podemos aspirar no futuro.

Do Rexurdimento decimonónico ás Irmandades da Fala, a Xeración Nós e Federico García Lorca, a República, a Guerra Civil, a Longa Noite de Pedra, a Xeración Galaxia, os sesenta, o tardofranquismo e a Democracia, os oitenta e os malos tempos para a lírica, os noventa e o 11-M... Fitos históricos adornados de intrahistoria e músicas que a nosa familia, a un lado e ao outro do charco, irá debullando ao longo de tres xeracións. Sombras e luces que un país tenta discernir para explicarse a si mesmo, para comprenderse e aceptarse.

Estrea: 11 de abril de 2007, Santiago de Compostela ---- Duración: 1.20 h ---- Contemporáneo

Ancora Produccións

Ánxela G. Abalo

Santa Ictia, n.º 42 - Uxes

15690 Arteixo (A Coruña)

Telf.: 981 645 080

646 363 235

Fax: 981 645 080

ancora.teatro@telefonica.net

Ancora Produccións nace en 1989 da man de dous profesionais de teatro cunha longa traxectoria ás súas costas, Ánxela G. Abalo e Gustavo Pernas Cora, a partir dunha coincidencia de criterios artísticos e de investigación. Afonda no espazo do teatro nesta “sociedade do espectáculo”, telecomunicada e hiperinformada, pero sen lugar para intervalos onde agrome o coñecemento e a diferenza, onde o corpo se comunique a escala humana, á medida da voz e do xesto.

Sempre na fronteira, utiliza o humor como estratexia, a terapia dun espello diante do espectador para que se ría, ás veces sen sabelo, de si mesmo. Humor como diversión, pero tamén humor como reflexión que nos conduce ao compromiso. “Participamos dun compromiso dende a escena, acción comprometida no social, nunca no banal. Que outros redunden neste imperio da banalidade”.

Ten un proxecto artístico e estético, uns obxectivos e unhas constantes que nacen coa primeira palabra escrita de cada espectáculo e constitúen a súa paixón e poética.

Ancora Produccións participa coas súas obras en diversos festivais de teatro especialmente na península Ibérica e segue a participar activamente en diversos foros culturais.

A compañía puxo en escena: *O galego, a mulata e o negro*, dirixida por Gustavo Pernas Cora (1990). *Ladraremos*, de G. Pernas Cora (1996). *Fábula*, de G. Pernas Cora (1997). *Anatomía dun hipocondríaco*, de G. Pernas Cora (1998). *Sucesos*, por G. Pernas Cora e Ánxela G. Abalo (2000). *Footting*, de G. Pernas Cora (2001). *Hai que romper*, baseada en textos de Antón Avilés de Taramancos e dirixida por G. Pernas Cora e Ánxela G. Abalo (2003). *Paso de cebra*, de G. Pernas Cora e Ánxela G. Abalo (2004). *Final de película*, de G. Pernas Cora (2006).



MEDIDAS PREVENTIVAS

Autor: Gustavo Pernas Cora

Dirección: Gustavo Pernas Cora

Escenografía: Suso Montero

Diseño de son: Bernardo Martínez

Iluminación: Miguel Soto

Vestuario: Ánxela G. Abalo

Música: Bernardo Martínez

Elenco: Ánxela G. Abalo, Vicente de Souza,
Xosé Bonome

ANCORA
PRODUCCIONES

Medidas preventivas

A obra quere lanzar unha mirada irónica e crítica, non exenta de humor negro, sobre as novas relacións e comportamentos sociais.

Medidas preventivas, que venden protección a cambio da submisión e seguridade, a cambio de medo. *Medidas* que instalan os cidadáns nun consumo despreocupado a cambio da desconfianza social. Están desenfocadas e dirixidas a cidadáns de a pé, presuntos culpables nos seus actos cotiáns que foron nacemento entre guerras preventivas e catástrofes inesperadas, entre prevencións sobredimensionadas e interesadas e a negligencia e pasividade dos gobernantes diante do clamor da fame ou da contaminación mundial.

Estrea: 19 e 20 de outubro de 2007, Auditorio Municipal, Narón ---- Duración: 1.40 h aprox. ---- Comedia ---- A partir de 14 anos

Espello Cóncavo

Arturo López García

San Isidoro, 47, 3º esq.

15007, A Coruña

Tel.: 981 244 195

630 053 952

espelloconcavo@yahoo.es

Espello Cóncavo nace en 1994, aínda que os seus fundadores xa tiñan un longo percorrido polo teatro galego dende finais dos anos sesenta co Teatro Circo de Artesáns da Coruña, co que estiveron presentes na I Mostra de Ribadavia.

Pretende levar aos escenarios galegos un teatro comprometido coa cultura deste país, cos nosos autores e a nosa realidade, con todos aqueles aspectos que hoxe conforman o sentir das xentes.

Un teatro que, sen renunciar a ningún aspecto universal, potencie aquilo que nos caracteriza como pobo e cultura diferenciados. É dicir, contribuír ao nacemento dun teatro nacional galego.

Dúas das súas montaxes, *Vapores* e *Bailando de verán*, levárona a ser a compañía máis nominada na primeira edición dos premios María Casares.

Un día calquera, de Eugene O'Neill; *Vapores*, de Nell Dunn; *Bailando en verán*, de Brian Friel; *As troianas*, de Eurípides; *Peter Pan*, de J. M. Barrie; *Castelao sempre*, de Arturo López; *Tres no bambán*, de Luigi Lunari; *O sanador*, de Brian Friel; *Os Mutantes Metálicos*, de Dinis López; *Terapia de grupo*, de Arturo López e outros; *Zardigot*, de Euloxio Ruibal, marcan a súa traxectoria.





Autor: Euloxio Ruibal

Dirección: Arturo López

Escenografía: Rodrigo Roel

Diseño de son: Raúl Varo

Iluminación: Arturo López

Vestuario: Rodrigo Roel

Música: Raúl Varo

Elenco: Lucía Regueiro, Ana Santos, Manu Fernández, Xavier Pan, Oswaldo Digón, Uxío Losada, X.C. Mejuto, Rodrigo Roel, X. L. López "Sacha", "Gari".

Zardigot

Zardigot é unha alegación contra as guerras, contra todas as guerras, a través da figura dunha muller, Estrela, unha ama de casa sen máis inqedanzas que a súa familia. Asistimos á transformación e posterior destrución do seu contorno persoal e social. Unha guerra fratricida, de exterminio, que rompe con todos os valores de convivencia e que extrae o peor da condición humana: a violencia irracional. A través do exilio de Estrela vemos como a guerra é especialmente cruel cos febles e indefensos, cos vellos, coas mulleres... Tampouco ela se salvará. É unha muller.

Estrea: 9 de marzo de 2007, A Coruña ---- Duración: 1.15 h ---- Contemporáneo

Fulano, Mengano e Citano

Manuel Álvarez Botana

Rúa Brasil, n.º 46, 6.º C

36204 Vigo (Pontevedra)

Telf.: 986 127 760

986 298 864

600 755 377

Fax: 986 127 760

albotana@mun-do-r.com

<http://www.fulanomenganocitano.com>

No mes de abril do ano 1994 os actores galegos Manuel Botana e Xosé Manuel López Conde fundan, na cidade de Vigo, a compañía teatral Fulano e Mengano. Ese mesmo ano, cara ao mes de decembro, estrean en Redondela a súa primeira montaxe, *Feito en Galicia*. Un ano despois a compañía crece; coa incorporación de Manuel Pombal, recoñecido actor e director de teatro, membro do desaparecido grupo Artello, nace Fulano, Mengano e Citano.

Tras o éxito da primeira montaxe, *Feito en Galicia* (1994), Fulano, Mengano e Citano inicia a produción dunha nova obra: *Cheiro de estrelas* (1996), que se representa de xeito ininterrompido en 1997 e 1998. Ao ano seguinte créase *Cheiro de estrelas II* (1999). Posteriormente, entra en cartel *Shss... calma!* (2004), que tamén é un traballo colectivo: creación de texto orixinal, dramaturxia, escenografía e vestuario, con 38 funcións. Séguelle *O faro* (2005), da que fan 30 representacións e que nos anos 2006-2007 percorre ata 70 escenarios de Galicia. E, finalmente, *Arte* (2007), de Yasmina Reza, da que a compañía consegue os dereitos en exclusiva para Galicia e en lingua galega.



FULANO, MENGANO E CITANO



Autora: Yasmina Reza

Dirección: Celso Parada

Adaptación: Fulano, Mengano e Citano
& Miguel Martínez

Escenografía: Manuel Botana e Javier Couto

Diseño de son: Manuel Pombal

Iluminación: Pedro Fresneda

Vestuario: X. M. Conde e Ana Vázquez

Elenco: Manuel Álvarez, Xosé M. López Conde
e Manuel Pombal

Arte

Serxio acaba de mercar un cadro branco, totalmente branco, polo que pagou unha enorme suma de diñeiro. Marcos, que odia a arte moderna, non comprende como a un amigo seu, sobre o que tiña certa opinión positiva, se lle poida ocorrer pagar por “semellante trapallada”. Entón intervén Iván, o terceiro en discordia, no seu papel de mediador tentando calmar as partes en conflito, pero, lonxe de conseguilo, acaba el mesmo metido no enredo.

Cun humor ácido e brillante e uns xogos dramáticos que aparentemente rozan a anécdota, *Arte* ponnos fronte a un espello en que se nos mostran esas actitudes que conforman unha parte esencial da nosa propia esencia. Todo isto presentado de forma divertida, cun estilo que brilla pola súa vivacidade e o seu humor.

Estrea: 9 de febreiro de 2007, Área Panorámica de Tui ---- Duración: 1.30 h ---- Contemporáneo

Lagarta, Lagarta

Ernesto Chao

Figueiredo, 23 - A Ponte Ulla

15885 Vedra (A Coruña)

Telf.: 609 432 252

675 950 956

lagartalagarta@hotmail.com

lagartalagartaproduccion@gmail.com

Lagarta, Lagarta, S.L., é unha empresa de produción teatral nacida en 2001 que xorde da iniciativa de Ernesto Chao e Rosa Álvarez, dous actores de longa traxectoria profesional en Galicia.

Pódese definir Lagarta, Lagarta como unha compañía de actores nacida co espírito de facer aqueles espectáculos e proxectos aos que moitos artistas esperan e desexan enfrontarse, pero que por diversas circunstancias non se puideron levar a cabo no seu momento.

É, polo tanto, unha compañía que pretende estar aberta a todas aquelas propostas interesantes que poidan xurdir. Este é un dos motivos polos que Lagarta, Lagarta, S.L. non conta cun cadro de persoal fixo de profesionais (directores, actores, deseñadores, etc.), senón que en cada caso, en cada produción, se buscan os máis idóneos.

Cartas de amor, de A. R. Gourney (2001); *Fobias*, de José Luis Prieto (2004), galardoada con tres premios María Casares e cun Max ao mellor autor teatral en galego no ano 2004; e *Carambola*, de José Luis Prieto (2006), son os títulos dos espectáculos que compoñen a historia da compañía, e foron levados a escena da man de directores como Avelino González ou Lino Braxe.





LAGARTA, LAGARTA

Autor: Furio Bordon
Dirección: Xúlio Lago
Adaptación: Cándido Pazó
Escenografía: Paco Conesa
Deseño de son: Rubén García
Iluminación: Xúlio Lago
Vestuario: Paco Conesa
Elenco: Ernesto Chao, Rosa Álvarez, Artur Trillo

As últimas lúas

Na súa orixe, é dicir, no texto escrito polo autor, *As últimas lúas* é bo teatro, é teatro comprometido e tamén divertido. Ten un forte compromiso humano e social que se atreve a intentar, cunha intensa carga de delicado humor e de inmensa tenrura, unha mirada seria e serena sobre aqueles pasos tan fundamentais no noso transitar pola vida como son a senectude e a morte, e deixa caer intermitentemente sobre o espectador algunhas interrogantes: que lugar ocupan “os vellos” na sociedade contemporánea?, que espazo lles permite ocupar esta sociedade?, que poden facer “os vellos” consigo mesmos nunha paisaxe humana e social na que, cunha frecuencia abraiante, se lles fai sentir coma un estorbo, coma un obstáculo que está a impedir a felicidade dos outros?

Estrea: 23 de febreiro de 2007, Auditorio Municipal, Narón ---- Duración: 1.40 h ---- Drama

Matarile Teatro

Baltasar Patiño

R/ Gómez Ulla 7, baixo

15702 Santiago de Compostela (A Coruña)

Telf.: 981 585 166

Fax: 981 585 121

matarileteatro@mundo-r.com

<http://www.teatrogalan.com>

Dende aquel 1986 en que a autora e directora teatral Ana Vallés e Baltasar Patiño xunguiron a súa creatividade para fundar Matarile Teatro, e ata hoxe en día, esta compañía é unha das máis veteranas e imprescindibles no panorama teatral galego. Leva desenvolvidos máis de vinte espectáculos de éxito que son a súa mellor carta de presentación, producións amplamente galardoadas que pasaron mesmo internacionalmente:

Truenos & misterios (2007). *Historia natural (eloxio do entusiasmo)* (2005). *Pie izquierdo*, de Ana Vallés e Carmen

Werner, coproducido con Provisional Danza (2005). *Acto seguido* (2003). *Sin sombra de duda* (2002). *Quen te quere, quen te chama*, creado para o Festival Internacional "En Pé de Pedra" (2002). *A brazo partido* (2001). *Primeiro movemento: para figuras brancas* (2000). *The Queen is dead* (1999). *Teatro para camaleóns* (1998). *Strangers in the night*, creado para o Festival Internacional "En Pé de Pedra" (1998). *12 rounds* (1997). *Negro é negro* (1996). *Zeppelin n.º 7* (1996). *Mvseo* (1995). *La casa en primer plano*, coproducido con Provisional Danza (1994). *31 Proposta adaptable a espazos non teatrais* (1994). *Café de noite*, coproducido con Provisional Danza (1993). *Deriva* (1993). *Café acústico* (1992). *Andante* (1991). *Hamletmaschine*, de Heiner Müller (1989). *O cumpreanos da infanta*, de Oscar Wilde (1986).



Autora: Ana Vallés

Dirección: Ana Vallés

Escenografía: Baltasar Patiño

Iluminación: Baltasar Patiño

Vestuario: Matarile Teatro - Naftalina

Elenco: Ana Vallés, Carlos Sarrió, Pedro Pérez-Bermúdez,
Xan Cejudo e Mauricio González

MATARILE TEATRO

Truenos & misterios

Un científico, un mestriño de escola e actor, un bailarín e licoreiro, o profesor, e eu. Asomámonos a un balcón e, alí abaixo, eses seres que fomos, un desfile de datos non escritos –a pel non se escribe– aparentemente inservibles pero non esquecidos. Eliminado o decorado e extraídos do seu contorno –unha fábrica de coches, un ballet nacional, unha escola, un obradoiro de marionetas ou un laboratorio de universidade–, trasladados a un escenario e vistos agora dende a barreira, diseccionados ante o patio de butacas, estes personaxes non son máis que produtos atónitos de ALGO –chamémossle historia, cultura, familia, tempo– que non puideron ou non souberon controlar.



Estrea: 1 de febreiro de 2007, Festival Escena Contemporánea, Madrid----Duración: 1.40 h ---- Contemporáneo

Nove-Dous Teatro

José Jorge García García

Arcos, 11

32500 O Carballiño (Ourense)

Telf.: 988 272 550

615 188 619

Fax: 988 272 550

novedous@yahoo.es


<http://www.novedousteatro.com>

Nove-Dous Teatro nace no Carballiño no ano 1996 coa idea de establecer unha plataforma estable para o traballo e a creación teatral en todas as súas vertentes e grazas ás inquietudes artísticas e pedagóxicas dos seus dous fundadores, Josi Lage e Jouse García, ambos os dous titulados polo Instituto de Teatro e das Artes Escénicas.

A compañía marca uns obxectivos que perseguen a creación e difusión de espectáculos e, ademais, salienta o ensino teatral a todos os niveis de idade, grupos de poboación e cultura.

Nove-Dous ten aberta no Carballiño unha Escola de Teatro dende hai varios anos e tamén imparte clases en concellos, colexios, institutos ou entidades que así o soliciten; ata agora máis de 900 os alumnos que recibiron clases de Nove-Dous Teatro.

Son nove as producións que levan desenvolvendo: *Sobre o dano que fai o tabaco*, *Crimes anónimos*, *Coplas de cego*, *Historias mínimas*, *O porqué das cousas*, *Ondas*, *Edipo* e as máis actuais *Fóra de xogo*, sobre as desvantaxes da competencia entre o mundo da cultura e o mundo do fútbol exemplarizado nas vivencias dun grupo de teatro, e *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*, a última produción de Nove Dous e a máis innovadora e provocativa.





NOVE-DOUS TEATRO

Autor: Rodrigo García
Dirección: Roberto Cerdá
Adaptación: Roberto Cerdá
Escenografía: Susana de Uña
Iluminación: Roberto Cerdá
Vestuario: Susana de Uña
Elenco: Josi Lage, Marián Bañobre,
Jouse García e Lois Soaxe

**Ás veces sentímonos tan
cansos que facemos estas
cousas**

Rodrigo García posúe unha maneira moi persoal de narrar. O autor vai tirando cables e cordas conectadas coa vida cotiá do home moderno, coa súa incapacidade de rebelarse. E vai mostrando como ao claudicar con exixencias desta cultura se une sempre ás claudicacións persoais, a chegar a conformarse co amor, e acabar desexando o que sabemos que acaba en frustración.

Neste espectáculo facemos unha radiografía desta sociedade nun quirófano onde expoñemos o máis interno da experiencia humana.

O teatro de Rodrigo García é molesto e non deixa indiferente. Entra sen pudor no máis profundo da ambigüidade, fai reflexionar o espectador mostrando relacións ás veces agresivas e ás veces irónicas; ás veces toca o corazón e ás veces ataca o home e ridiculízao.

Estrea: xullo de 2007 ---- Duración: 1.10 h aprox. ---- Contemporáneo

Nut Teatro

César Abella Vázquez

Cantón de San Bieito, n.º 5 - 1º

15704 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tel.: 981 570 157

619 377 772

Fax: 981 570 157

info@nutteatro.es

www.nutteatro.es

Nut Teatro é unha compañía teatral fundada o 22 de maio de 2006 en Compostela. A súa proposta escénica baséase na combinación de fórmulas especificamente teatrais con outras máis próximas á *performance*. Porén, busca facer un espectáculo total, interdisciplinario e en diálogo coas novas tecnoloxías, que indague nas diferentes opcións teatrais que hoxe se desenvolven no panorama artístico internacional, sen esquecer a ollada aos grandes autores e autoras e teorías teatrais do século XX.

En 2007, o ano do seu debut, presenta dous espectáculos: unha adaptación da autora británica Sarah Kane, *4.48 Psi-cose*, e unha produción propia, *Corpos disidentes*.





NUT TEATRO

Autor: Nut Teatro

Dirección: Carlos Neira Noya

Escenografía: Nut Teatro

Iluminación: Octavio Mas

Vestuario: Cloti Vaello

Elenco: Arantza Villar, Nerea Barros,

Iria Sobrado, Xiana López

Corpos disidentes

Corpos disidentes é un espectáculo que mestura diferentes linguaxes artísticas, como a *performance*, o teatro, a danza e o audiovisual. O traballo afonda nos límites do corpo humano, nas sombras, nos espazos indefinidos, aqueles que non se senten e que non se ven, pero que se fan visibles ao atravesalos.

Estrea: 12 de xaneiro de 2007, Teatro Principal, Santiago de Compostela----Duración: 60 min ---- Contemporáneo

Pistacatro Produtora de Soños

Guillermo González e Xabier Mera

Rúa Tabaniscas 45, 3º D

15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tel: 981 937 819

647 778 918

Fax: 981 937 819

pistacatro@gmail.com

«Pistacatro Produtora de Soños, S.L. somos un colectivo humano constituído como empresa, fundada por sete artistas con sede en Santiago de Compostela e pioneira en Galicia en crear, producir e distribuír espectáculos de Novo Circo e Cabaré.

Actores de teatro, músicos, malabaristas, acróbatas e clowns, o noso heterodoxo grupo de artistas decidiu establecerse como empresa tras unha traxectoria xuntos dende o ano 2000. Sete anos nos que estivemos formándonos e actuando con outras compañías por Galicia, o Estado español e polas máis diversas partes do mundo: Cuba, Rusia, Brasil, Arxentina, Gran Bretaña, India, Mozambique, Portugal, República Checa, Italia...

A empresa nace para **distribuír** os números producidos por cada un de nós de xeito individual e **crear e producir** novos espectáculos colectivos da compañía cos que dar o seguinte paso cara ao seu asentamento na industria das artes escénicas.

Na actualidade a empresa conta con 11 producións propias no seu **catálogo**, que comprenden espectáculos de rúa, teatro contemporáneo para salas, espectáculos de música en directo e xéneros mixtos como a organización e produción de cabarés; e a nosa última produción e ópera prima da compañía, o espectáculo que reúne todos os compoñentes: **Kamikaze»**.





PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS

Autores: Pistacatro e Hernan Gené

Dirección: Hernán Gené

Escenografía: Carlos Alonso Alonso

Diseño de son: Alfonso Gutiérrez Castro

Iluminación: Alfonso Gutiérrez Castro

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Xabier García e Borja Fernández

Elenco: Borja Fernández, Pablo Reboleiro,
Alfonso Medina, Manuel Lago, Natalia Outeiro,
Antón Coucheiro e Xabier García

Kamikaze

A homenaxe pola morte do Sr. Kamikaze reúne os seus estraños camaradas nunha cerimonia que repiten solemnemente cada ano. Un tipo gris e aburrido chega alí de xeito accidental. Quen era este morto para merecer tanta honra? Por que despois da morte se celebra tanto a vida? Será que a vida é tamén unha kamikaze?

Estrea: 14 de xuño de 2007, Salón Teatro, Santiago de Compostela ---- Duración: 80 min aprox. ---- Todos os públicos

Sarabela Teatro

Fina Calleja

Escultor Faílde n.º 11, 4º dta.

32004 Ourense

Telf.: 988 245 287

629 860 580

Fax: 988 221 076

sarabelateatro@yahoo.es

«Para nós, facer teatro é, por unha banda, unha necesidade vital, e, por outra, a paixón inevitable dun grupo de exploradores, aquelas e aqueles que decidimos vivir coa “alta vixilia do poeta” . Case sempre traballamos con emocións de alta intensidade, pouco doadas de trasladar da táboa ao papel ou ao formato electrónico. Enchemos as nosas vidas de conflito e incerteza, porque no grupo hai unha resonancia particular. O tecido interno dános calor e empúrranos a seguir vivindo. Mentres que Sarabela teña algo que desentrañar, seguirá viva. [...] Os nosos obxectivos: facer un teatro bo, un teatro vivo, arriscado, contemporáneo, coherente; con rigor, autocrítica, responsabilidade, resistencia... Corrixir constantemente, mellorar para anovarnos. O miolo da cuestión é que as palabras hai que velas e oílas» (Ánxeles Cuña Bóveda, directora).

Moitos traballos percorren estes anos de actividade incesante: *Cristovo e o libro das marabillas*, escrita e dirixida por Fina Calleja (2007). *Macbeth*, de William Shakespeare (2006), dirixida por Helena Pimenta. *O heroe*, de Manuel Rivas (2005), por Ánxeles Cuña. *A gata con botas*, de Charles Perrault - Ánxeles Cuña (2004). *Caricias*, de Sergi Belbel (2004). *Así que pasen cinco anos*, de Lorca (2003). *A conxura dos necios*, de John Kennedy Toole (2002). *Sexismunda*, de Calderón de la Barca (2001). *A illa amarela*, de Paloma Pedrero (2001). *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas (2000). *Os soños de Caín*, de Á. Cuña, B. Muñoz, C. Couceiro e F. Dacosta (1999). *Romance de Micomicón e Adhelala*, de E. Blanco Amor, (1999). *Tics*, de Ánxeles Cuña, B. Muñoz, C. Couceiro e F. Dacosta (1998). *Afección*, de Á. Cuña, B. Muñoz, C. Couceiro, F. Dacosta (1997). *A Esmorga*, de E. Blanco Amor (1996). *Cama (2x2 para 2)*, de Sergi Belbel (1994). *Xacobe e o seu amo*, de Milan Kundera (1993). *As sillás*, de E. Ionesco (1992). *Madame de Sade*, de U. Mishima (1990). *Super-tot*, de Benet i Jornet (1989).

Xacobe ou a sumisión, de E. Ionesco (1988). *O sangue do tempo*, de Ángel García Pintado (1987). *A contrasicoanálise ou malia todo quèrote papá*, de Helena Castro (1986). *Triciclo*, de Fernando Arrabal (1985). *Hoxe de hoxe de mil novecentos hoxe*, de Antonio Robles (1984). *A Tuta e a Ramona*, de Villalonga (1983). *Os faladores*, de Cervantes (1983). *Barriga Verde*, de Manuel María (1982). *Poema Nuclear*, de Celso Emilio Ferreiro (1982). *O relevo*, de Gabriel Celaya, (1981). *Noite de hóspedes*, de Peter Weiss (1981). *Fando e Lis*, de Fernando Arrabal (1980). *Xaulas*, creación colectiva (1979). *Mimo*, creación colectiva (1979).





SARABELA TEATRO

Autora: Ánxeles Cuña Bóveda
Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda
Escenografía: Suso Díaz
Deseño de son: Arturo González e Yuri Sidar
Iluminación: Suso Díaz
Vestuario: Ruth Pereira
Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey,
Sabela Gago, Elena Seijo, Fina Calleja, Josito
Porto e Nate Borrajo
Músico: Yuri Sidar

Margar no pazo do tempo

É *Margar no pazo do tempo* unha comedia excitante, ateigada de fantasía. Os personaxes van ser expresión do grotesco patetismo do xénero humano. O humor, como elixir de eterna xuventude, é antídoto contra o medo e o desasosiego nas ás da desenfreada imaxinación do equipo de Sarabela.

Estrea: 15 de marzo de 2007, Teatro Principal, Ourense ---- Duración: 1.30 h

Teatro de Adro

Elena Benito Illana

Urbanización Porto Avieira. Quinteiro 3, n.º 16. Cándara

15688 Oroso (A Coruña)

Telf.: 981 690 904

657 940 140

Fax: 981 690 904

teatrodeadro@wanadoo.es

Teatro de Adro constituíuse en 1997 en Santiago de Compostela, e dende entón leva representado pola nosa xeografía e por toda España e parte de Portugal un total de cinco espectáculos, todos eles dirixidos por Cándido Pazó, autor así mesmo das obras e responsable da adaptación das dúas primeiras producións da compañía, que están baseadas en dúas novelas do escritor Suso de Toro.

Coa súa primeira montaxe, *Nano* (1997), baseada en textos da novela *Tic-Tac*, de Suso de Toro, a compañía foi galardoada con tres premios María Casares de 1998 á Mellor Adaptación, á Mellor Dirección e ao Mellor Actor Protagonista, Xosé A. Porto "Josito". *Círculo* (1999), da novela de Suso de Toro, foi a súa segunda produción, á que lle seguiu *Bululú do linier*, de Cándido Pazó (1999), premio María Casares 2000 ao Mellor Texto Orixinal. Con *Binomio de Newton*, tamén de Cándido Pazó (2001), o seu intérprete principal, Xosé A. Porto "Josito" recibiu o premio María Casares 2003 ao Mellor Actor Protagonista. E, finalmente, por *García* (2005), do mesmo autor, a compañía obtivo o premio María Casares 2006 ao Mellor Texto Teatral e á Mellor Maquillaxe, ademais de dúas nominacións aos premios MAX ao Mellor Texto Teatral en Galego e ao mellor Espectáculo Revelación.



Autor: Pedro Ángel Ramos García
Dirección: Lino Braxe
Adaptación: Lino Braxe
Escenografía: Suso Díaz
Deseño de son: A Caricia da Serpe
Iluminación: Afonso Castro
Vestuario: Paloma Ucieda
Música: A Caricia da Serpe
Elenco: Josito Porto, Mónica García

TEATRO DE ADRO

Comida chinesa

Un violador e asasino en serie e a nai dunha das súas vítimas, xuntos nun apartamento. Ela foi a súa psiquiatra na prisión. El é o seu paciente favorito. Unha relación imposible e enfermiza. O amor e a vinganza. O desastre e a éxtase. A vida. A morte e a doncela ou *O silencio dos cordeiros*. Un traballo diferente para un actor e para unha actriz. Un autor novo. Para sempre un desafío. Un tema aínda nunca tratado no teatro feito en Galiza. Un combate dialéctico e físico a un só asalto. O soño da razón cría monstros de Goya.

“Algún día morrerás, pero antes preciso coñecer algo da túa alma”. (Anónimo do s. XIV)

Teatro de Ningures

Salvador del Río

Avda. de Bueu (canellón lateral), 14

36940 Cangas (Pontevedra)

Telf.: 654 464 360 / 986 313 934

Fax: 986 313 934


teatrodeningures@hotmail.com

Despois de vinte anos de actividade teatral profesional, Teatro de Ningures (1986) reúne unha serie de recursos humanos, técnicos e materiais que fan desta compañía unha das máis estables de Galicia, cun estilo artístico recoñecible, e un punto de encontro para os profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego, con varios premios María Casares e un premio MAX no seu haber.

Conta neste momento cun elenco estable, que traballa nas distintas obras que a compañía mantén en cartel, formado por cinco actrices, cinco actores e dous técnicos, ademais das colaboracións de deseñadores de vestuario, escenógrafos ou responsables de vídeo e fotografía.

Levou aos escenarios unhas vinte montaxes teatrais, tanto de autores clásicos como contemporáneos, galegos ou estranxeiros, así como versións/adaptacións de novelas, contribuíndo deste xeito ao enriquecemento do teatro galego:

Miseria, de Pérez Galdós (2006); *Tartufo*, de Molière (2005); *Troianas*, de Eurípides (2004); *Círculo*, sobre a novela de Suso de Toro (2003), todas elas dirixidas por Etelvino Vázquez. *O Principiño*, sobre a novela de A. Saint-Exupéry (2002), dirixida por Salvador del Río. *Fausto*, de C. Marlowe (2001), por E. Vázquez. *De-corchas*, de María Armesto (2000), dirixida por María Armesto. *Lugar Común*, de Lucía Sánchez (1998-99), por E. Vázquez. *Sempre Ubú*, de Alfred Jarry (1997-98), por E. Vázquez en coprodución con T. do Morcego e Tanxarina en Teatro do Sur. *Terra de lobos*, de A. Torrado-Méndez Ferrín (1996), dirixida por J. Martínez e coproducida co T. do Noroeste-Centro Dramático de Viana do Castelo. *Tic Tac*, de Suso de Toro (1995-96), por E. Vázquez. *Macbeth*, de E. Ionesco (1994-95), por Julio Cardoso en coprodución con T. do Morcego e Tanxarina en Producións Teatrais do Sur. *O Polbo*, de S. I. Witkiewicz (1993-94), por Alberto Bokus. *Crónica de Pantagruel*, de Rabelais (1992-94), por A. Bokus. *Elektra*, de Hugo Von Hofmannsthal (1991-92), por Alberto Bokus. *Pasos*, de Lope de Rueda (1990-91), por X. M. Pazos. *María Soliña*, de X. M. Pazos e E. Vázquez (1989-90), por E. Vázquez. *Ubu Rei*, de Alfred Jarry (1988-89), por E. Vázquez. *Ácido Sulfúrico*, de Alfonso Vallejo (1987-88), dirixida por Celso Parada.





TEATRO DE NINGURES



Autores: X. M. Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai, Sonia Torre e Cândido Pazó

Dirección: Etelvino Vázquez

Adaptación: Xosé Manuel Pazos e Etelvino Vázquez

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Diseño de son: Anxo Graña

Iluminación: Etelvino Vázquez

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Anxo Graña

Elenco: Casilda García, Sonia Rúa, Mónica Camaño, Santiago Cortegoso, Fran Paredes e Salvador del Río

Emigrados

É *Emigrados* unha historia múltiple que, engarzada, constitúe un mosaico de pezas de distintos autores e autoras que, unha por unha, dende o tratamento específico da emigración, da inmigración, do retorno, do desenraizamento, compoñen un cadro xeral que permite apreciar nidiamente o drama individual e social que supón estoutro xeito de "exilio".

Estrea: 3 de marzo de 2007, Auditorio de Cangas ---- Duración: 1.35 h ---- Contemporáneo

Teatro do Atlántico

Xúlio Lago Alonso

Outeiro de Arriba, 21. Sésamo

15189 Culleredo (A Coruña)

Tel.: 981 678 103

608 380 471

618 256 424

Fax: 981 678 103

teatrodoatlantico@yahoo.es

Fundada en 1985, Teatro do Atlántico leva producidos ata o momento 23 espectáculos a partir de textos dos máis importantes dramaturgos do teatro contemporáneo: Ibsen, García Lorca, Fassbinder, Heiner Müller, Ernesto Caballero, Manuel Lourenzo, Roberto Salgueiro ou Sanchis Sinisterra.

Aínda que ten a xeografía galega como marco fundamental da súa actividade, leva realizado xiras por practicamente todas as comunidades autónomas do Estado español e por diversas cidades de Portugal, Arxentina, Uruguai e Venezuela. Participou tamén en diversos festivais nacionais e internacionais, presentando os seus espectáculos sempre en lingua galega.

Na súa traxectoria figuran numerosos premios ao Mellor Espectáculo, Mellor Actor e Mellor Actriz Principal e Actor Secundario, Mellor Dirección ou Mellor Escenografía.

Dos 23 espectáculos que Teatro do Atlántico ten no seu haber, *O encoro*, de Conor McPherson, e *A raíña da beleza de Leenane*, de Martin McDonagh, son os máis recentes, así como o recital poético-musical *Memoria do 36*, que xira ao redor da Guerra Civil e a posguerra en Galicia, nun percorrido pola obra dunha vintena de poetas.



TEATRO DO ATLÁNTICO

Autor: Woody Allen
Dirección: Xúlio Lago
Adaptación: Avelino González e Olga F. Nogueira
Escenografía: Antonio F. Simón
Deseño de son: Xúlio Lago
Iluminación: Xúlio Lago
Vestuario: Antonio F. Simón
Música: Jazz. vv.aa. standards
Coreografía: Mestre de maxia: Mago Antón
Elenco: Manu Fernández, Daniel Lago, María Barcala, Dami Contreras, Lucía Regueira, Gonzalo Uriarte

A bombilla máxica

Un Woody Allen insólito, desenvolvendo un rexis-tro absolutamente imprevisible nel, preséntanos un texto de moi alta calidade, como non podería ser doutra maneira, no que nos mostra o difícil mundo da adolescencia e a vellez, das relacións de parella, ou da maxia, cunha gran dose do seu humor e personalizado na familia Pollack.

Un pai, unha nai e dous fillos nunha situación de absoluta infelicidade. O marido que atravesa a crise dos corenta, a muller que soporta os enredos amorosos do seu esposo e tropeza na relación cos seus fillos: o seu pequeno, unha firme promesa de delinciente profesional, e o maior, tatexo e cun “coeficiente intelectual de 148”, sumido nunha realidade paralela que lle proporciona o mundo da maxia.

Estrea: 12 de outubro de 2007, Auditorio Municipal, Narón ---- Duración: 1.40 h ---- Comedia

Teatro do Morcego

Celso Parada Fernández

Camiño da Garita, 9. Nerga. O Hío

36948 Cangas (Pontevedra)

Telf.: 986 391 007

696 416 401

Fax: 986 391 203

morcego@teleline.es

Compañía fundada no ano 1989 polo actor e director Celso Parada e Isabel Ávila. Mantén a súa actividade ininterrompida dende entón e leva recibidos varios premios. Na compañía traballaron importantes actores galegos como: Maxo Barjas, Luisa Merelas, Santi Prego, X. Estévez, X. Carlos Mosquera “Mos”, Carlos Blanco, Paco Campos, Miguel Varela, Mundo Villalustre, Gonzalo Uriarte, E. R. Cunha “Tatán”, Pepa Barreiro, Casilda García, Sonia Rúa, Salvador del Río, etc.

As súas producións *Misterio cómico* e *Doberman* foron galaroadas nos premios Compostela, e nos María Casares, a súa obra *Lazarillo de Tormes*. Realizou importantes montaxes como: *O burgués fidalgo*, de Molière; *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao; *A gran ilusión*, de Eduardo de Filippo, ou *Morte accidental dun anarquista*, de Dario Fo.



Autor: Molière
Dirección: Celso Parada
Adaptación: Enrique Harguindey
Escenografía: O Pastor
Deseño de son: Xesús Alonso e Ramón Bermejo
Iluminación: Octavio Mas
Vestuario: La Canalla
Música: Suso Alonso
Coreografía: Ánxeles Soliño e Leticia Alfaya
Elenco: Santi Prego, Luisa Merelas, Maxo Barxas,
Blanca Cendán, X. Carlos Mosquera "Mos",
Xavier Estévez, Mundo Villalustre, Suso Alonso,
Leticia Alfaya e Ánxeles Soliño

TEATRO DO MORCEGO

O burgués fidalgo



Monsieur Jourdain é un rico e basto comerciante que, nas súas aspiracións por mesturarse coa clase social superior, cae baixo o engano dun aristócrata sen escrúpulos que busca limparlle todo o seu diñeiro. A xuízo de moitos, *O burgués xentilhome* ou *O burgués fidalgo* é a obra máis divertida de Molière, na que xunta con mestría as situacións xocosas e a sátira mordaz dun novo rico trastornado por aparentar o que non é. Un tema, como se entenderá, moi actual.

A proposta de Teatro do Morcego achégase ao orixinal pero cunha visión máis contemporánea sobre o escenario, con actores e músicos que recuperan a partitura orixinal de Lully.

Estrea: 9 de febreiro de 2007, Auditorio Municipal, Cangas ---- Duración: 1.45 h ---- Musical

Teatro do Noroeste

Luma Gómez

Ameixenda, s/n

15870 Ames (A Coruña)

Tel.: 981 898 731

629 814 297

Fax: 981 568 036

correo@teatrodonoroeste.com

http://www.teatrodonoroeste.com


Compañía creada por Luma Gómez e Eduardo Alonso, profesionais cunha dilatada experiencia teatral, que comezou a súa actividade en 1987. Realizou montaxes de textos clásicos como *Medea*, de Eurípides, *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de William Shakespeare; e de autores contemporáneos, maiormente galegos, como *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro, *A grande noite de San Fiz*, de Miguel Anxo Murado, ou *Campo Sur*, de Lino Braxe, entre outros.

O seu anterior espectáculo producido foi o musical *Imperial: Café Cantante. Vigo 1936*, de Eduardo Alonso, montaxe que recibiu os premios María Casares ao Mellor Texto, Mellor Escenografía, Mellor Vestiario, Mellor Música e Mellor Iluminación.

Nun percorrido pola súa traxectoria aparecen: *Medea*, de Eurípides - Séneca - Anouilh (1987). *Galicia S.L.*, de diversos autores, en coprodución con Teatro do Malbarate (1988). *Rei Lear*, de W. Shakespeare (1990). *Tagen Ata*, de X. L. Méndez Ferrín, en coprodución con Teatro Caritel (1990). *Os xustos*, de A. Camus (1991). *A grande noite de San Fiz*, de Miguel Anxo Murado (1992). *Galileo Galilei*, de Bertolt Brecht (1993). *As vodas de Figaro*, de C. de Beaumarchais (1994). *Macbeth*, de W. Shakespeare (1994). *Historias peregrinas*, de Miguel Anxo Murado (1995). *Noite de Reis*, de W. Shakespeare (1996). *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro (1997). *Estación Mahagonny*, de Alexandra Moreira da Silva en coprodución con Teatro do Noroeste de Viana do Castelo e o Centro Dramático Galego (1998). *Feirantes*, sobre textos de Álvaro Cunqueiro (1999). *A Celestina, comedia dos tolos amores de Calisto e Melibea*, de Eduardo Alonso (2000). *País acuático* (infantil), de Eduardo Alonso (2000). *Alta comedia*, de Eduardo Alonso (2001). *Campo Sur*, de Lino Braxe (2002). *As damas de Ferrol*, de Eduardo Alonso (2002). *Ensaio*, de Eduardo Alonso (2004). *A tixola polo mango (muller non é para tanto)*, de Lola Correa (2005). *Confesión*, de Eduardo Alonso (2005). *A casa do pai*, de Carlos Álvarez-Ossorio (2005). *Imperial: Café Cantante. Vigo 1936*, de Eduardo Alonso (2006).



TEATRO DO NOROESTE



Autor: William Shakespeare

Dirección: Eduardo Alonso

Adaptación: Eduardo Alonso

Escenografía: Equipo Taetro

Diseño de son: Brais Morán

Iluminación: Eduardo Alonso

Vestuario: Equipo Taetro

Elenco: Luma Gómez, Aitor Rei, Jacobo Bugarín Osorio, Fernando González, Victoria Pérez Varela, Fernando Tato, Christian Escuredo, Omar Rabuñal Varela, Antela Cid, Sara Casasnovas, Alejandro Carro

Romeo e Xulieta

Romeo e Xulieta, de William Shakespeare, é un texto clásico que, nunha versión moderna e actualizada coma esta resulta un espectáculo de fonda contemporaneidade.

O proceso de socialización non é un proceso natural e dinámico, senón que é conflitivo e, ás veces, destrutivo. O conflito entre o persoal e o familiar non sempre se resolve. E, mesmo cando se resolve, non sempre se resolve ben.

Conxúganse catro elementos observados de forma específica: o destino, como percorrido ou proxecto vital; a acción, como compromiso coa realidade; o amor, como exaltación da individualidade; e a morte, como a destrución e reunificación de todo. O vello conflito familiar é un pano de fondo que colabora pero non determina.

Nesta proposta a violencia entre as familias, o amor dos protagonistas e todos os demais conflitos trasládanse a unha época actual e a un contorno moi inmediato onde resultan totalmente actualizados.

Estrea: 29 de abril de 2007, Teatro Principal, Santiago de Compostela ---- Duración: 2.00 h ---- Clásico

Teatro Galileo

Pedro Rubín

Apartado de Correos 72

15160 Sada (A Coruña)

Telf.: 981 622 943

608 981 773

Fax: 981 622 943


galileo@teatrogalileo.es

Teatro Galileo comezou a súa andaina en 1991, e desde aquela realizou dezasete espectáculos. Entre as súas montaxes destacan *A esperar por Godot*, de Beckett, ou *O Avaro*, de Molière, así como obras de Victor Hugo, Cervantes, Goldoni...

Teatro Galileo conta cun equipo artístico e actoral estable, e Pedro Rubín é director da compañía desde a súa fundación.

En 2007 pon en escena o espectáculo *Rosso profondo in punto di morte*, do autor italiano Luigi Lunari, conseguindo os dereitos de representación en exclusividade para o Estado ata o 2010.

Actualmente prepara para o ano 2008 a estrea do espectáculo *Náufragos (La petite hutte)*, de André Roussin, con dirección de Pedro Rubín e interpretado por César Cambeiro, Ana Santos, Fernando Morán e Raúl Varo.





TEATRO GALILEO

Autor: Luigi Lunari
Dirección: Pedro Rubín
Escenografía: Rodrigo Roel
Diseño de son: Raúl Varo (música orixinal)
Iluminación: Pedro Rubín
Vestuario: Sonia Pinaque
Elenco: Fernando Morán

Rosso profundo in punto di morte

Por que valoramos a vida cando xa non a temos?
Por que cando nos din que imos morrer atopamos
o verdadeiro significado da vida a punto de
extinguirse?

Nesta obra, o presidente dun país, logo de diag-
nosticarlle o seu médico unha doenza mortal,
decide poñer en práctica todas as súas ilusións
descubriendo novamente o pracer e significado da
súa propia vida.

Estrea: marzo de 2007, Culleredo ---- Duración: 1.05 h ---- Contemporáneo

INFANTIL

Berrobambán Teatro

Manuel Vázquez Pérez

Avda. de Lugo, 12 baixo

15702 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tel.: 981 573 626

695 929 262


distribucion@berrobamban.com

<http://www.berrobamban.com>

Berrobambán nace no ano 1995 como unha asociación teatral e cinco anos despois convértese en compañía profesional de teatro. O seu intento é ser un teatro vivo co obxectivo de conectar co público. Cada espectáculo resulta unha nova aventura para a compañía porque a diferenza e a pluralidade son valores aos que pretenden acollerse, compromisos que, están certos, os fan medrar. Queren compartir o que lles bole nas cabezas e nos corazóns, con urxencia, porque “o teatro é un espectáculo efémero e gústanos que así sexa, de aquí e de agora. Como as persoas, o teatro deberá ser libre, e o apoio de institucións e/ou empresas ten que servir para a consecución do fin último dos espectáculos: o pracer, que non o compracer, do público”.

Destacan as súas producións: *Diariamente* (2000). *Dous contos sen final e un final por fin*, espectáculo musical de José Campanari (2001). *Movements para trasnos e trastes* (2002), concerto para nenos con música de Manuel Vázquez. *Historia dun soldado*, de I. Stravinsky (2003), coa dirección musical de Carlos Seráns. *A Cabana de Babaiagá* (2006). *NdC*, creada a partir de textos de Rodrigo García (2001) e *Vendetta*, espectáculo de cabaré punkarra (2004), ambas as dúas para público adulto.

Outros traballos completan a súa traxectoria: *A hora do conto* e *Historia dun libro* (2002) ou *Un conto que nin pintado* (2005), para campañas de animación á lectura. Ademais, pon en marcha *Asteroide B-612* (1998-2002), a primeira programación estable de teatro familiar en Galicia que inclúe o conxunto de espectáculos de animación *Choi-vas de meteoritos*.





BERROBAMBÁN TEATRO

Estrea: 3 de novembro de 2007, Centro Cultural Caixanova, Vigo
Duración: 1.00 h ---- Todos os públicos

Texto: Paula Carballeira

Dirección: Jorge Padín

Músicos en escena: Vadim Yukhnevich (acordeón)
Begoña Riobo (zanfona e violín) e Pablo Pérez
(contrabaixo)

Composición musical: Manolo Vázquez

Dirección vocal: Ramón Bermejo

Harmonización: Vadim Yukhnevich, Pablo Pérez

Escenografía: Cristina F. Marta Z.

Vestuario: Mercedes Torres "Isi"

Son: COH3 cooperativa

Iluminación: Fidel Vázquez

Fotografía: Mónica Gago

Distribución: Manolo Vázquez

distribucion@berrobamban.com

Producción: Chiqui Pereira

Guión unidade didáctica: Antonio Reigosa

Ilustracións: Noemí López

Deseño Unidade Didáctica: Carmela González

Programación unidade didáctica: Santiago Framil

www.grafka.com

Deseño gráfico: Hidalgo-Bértolo

Elenco: Anabell Gago, Paula Carballeira,
Manolo Vázquez, Chiqui Pereira e Lorena Conde

Boas noites

Para poder durmir ben tes que acabar cos teus medos, iso sábeo de sobra Pedro Chosco, que é quen nos trae o sono cada noite. Xiana, pola contra, só pensa en atopar algo de tempo para xogar e, se polo día ten demasiadas cousas que facer, pola noite é libre de dispor do seu tempo. O que pasa é que a noite é o momento do misterio, das criaturas que non se atreven a asomar polo día, e, se non dormes, descubrirás o que se agocha entre as sombras.

Obra gañadora do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, *Boas noites* propón unha achega contemporánea a personaxes da mitoloxía popular galega, con boas doses de humor e música.

Galitoon

Andrea Bayer Lloves

Estrada Santiago-A Estrada, km 3

15894 Cacheiras-Teo (A Coruña)

Telf.: 981 819 024

658 180 778

andrea@galitoon.com

www.galitoon.com

Despois de moitos anos de traxectoria individual en teatro e en televisión, e participando en diferentes proxectos tanto para nenos como para adultos, Santiago Alonso, Andrea Bayer e Chisco Casteleiro crean en 1992 a compañía de teatro Galitoon Productions.

O resultado desta fusión é un espectáculo innovador e pioneiro, xa que reúne diferentes técnicas tanto actorais como de *body poppets*, *poppets*, luz negra e outras técnicas de monicreques.

Débense a Galitoon: *El videocasete encantado* (Grupo Video-visa, 1992); *La Bella y la Bestia* (Cía. Bilbao, 1993); *Aladino y la lámpara maravillosa* (Cía. Bilbao, 1994), en todas á fronte da dirección de arte e da construción de personaxes; *Momo*, dirección escénica (Teatro Akatro, 1995); *Os Gordibolas en... Dúbida na lagoa* (Teatro Akatro, 1997), dirección, animación e creación de personaxes; *La magia del circo* (Comparsa Española, 1998), dirección de arte e construción de personaxes; *Glum, o planeta das cores* (Teatro Akatro, 2000), dirección e animación; *“Que medo, que medo...”* (Galitoon Productions, 2007), *Golulá* (Galitoon Productions, 2007), produción, dirección e creación de personaxes. Nestes anos Galitoon tamén ten feito animacións para diversos programas de televisión e para vídeos corporativos.





GALITOOON

Golulá

Autora: Andrea Bayer
Dirección: Andrea Bayer
Escenografía: Galitooon Productions
Deseño de son: Elena Paz e José Liz
Iluminación: Xurxo Cortázar
Elenco: Andrea Bayer, Chisco Casteleiro,
Santiago Alonso, Óscar Ferreira

Golulá é un país que só ten unha nube, unha e ningunha máis. Os habitantes de Golulá tiñan medo a perdela e, por iso, un gardián moi especial coidaba dela, Bunkaa, un gorila moi grande, forte e de gran corazón. Neste país tamén vivía Lara, a mellor amiga de Bunkaa, unha rapaza aventureira e emprendedora. Xuntos podían pasar horas, días, semanas...

Pero un día o malvado doutor Terrier roubará a única nube de Golulá e todo cambiará: o riso deixará de escoitarse, os ríos comezarán a secar, os nenos terán sede...

Lara e Bunkaa comezarán unha viaxe por terra, mar e aire chea de perigos para tentar salvar o seu país: Golulá.

Estrea: 8 de febreiro de 2007, Auditorio, Pontevedra ---- Duración: 1.00 h ---- Monicreques ---- A partir de 5 anos

La Imagina Machina

Jesús Manuel Díaz Seoane
Urbanización Mirasol. R/Camélias, 21
32910 Pereiro de Aguiar (Ourense)
Telf.: 988 248 958
637 742 068
Fax: 988 228 688
laimaginamachina@gmail.com
www.laimaginamachina.com


La Imagina Machina –fábrica de ideas– desenvolve dende o ano 2006 a creación de contidos dentro dos eidos tanto das artes audiovisuais (teatro, creación videográfica) como nos da ilustración e o deseño gráfico (2D e 3D).

Fundada por Suso Díaz, recoñecido autor, director e actor teatral vinculado dende o ano 1988 a Sarabela Teatro, é a segunda compañía profesional de teatro en Ourense. A el sumouse tamén Arteficción S.L., unha empresa de equipamentos escénicos que se ocupa, entre outras cousas, da produción e da distribución dos espectáculos.

O teatro de La Imagina Machina defínese pola conxura das diferentes propostas visuais e espectaculares, unindo así o clown, as imaxes, a música, etc. en torno ao teatro como fonte inesgotable de expresividade e comunicación.

Desa unión xurdiron os espectáculos *A Viaxe de Efi*, unha comedia infantil de Suso Díaz (2006), e *Ubú Rei* (2007), unha comedia musical de Alfred Jarry, adaptada por Suso Díaz.





LA IMAGINA MACHINA

Autor: Suso Díaz

Dirección: Suso Díaz

Escenografía: La Faust Und Volk

Diseño de son: José Lamelas

Iluminación: La Faust Und Volk

Vestuario: Teté Seoane

Música: Arteficción S.L.

Elenco: Nate Borrajo, Tito Asorey, María Gallego,
David Varela

Música en directo: José Lamelas

A viaxe de Efi

Efi é unha pequena mosca efémera que acaba de nacer. A súa nai, antes de despedirse da súa filla, ánima a gozar da vida que ten por diante, que non lle importe o tempo senón o que fai con el, que goce, que viva e se divirta. Vida só hai unha, aínda que sexa curta ou longa, se traballe ou se xogue, se aprenda ou se divirta.

Dende ese momento Efi vivirá momentos ledos, tristes, fantásticos, coñecerá outros habitantes dos bosques que lle ensinarán a súa forma de ver a vida e, sobre todo, de como aproveitala.

É, ao final... un canto á diversidade, á solidariedade, á tolerancia e, sobre todo, á amizade.

Foi galardoado co premio ao mellor espectáculo no FETEGA 2006.

Estrea: 4 de setembro de 2006, O Carballiño ---- Duración: 1.00 h ---- Comedia ---- A partir de 6 anos

Os Monicreques de Kukas

Isabel Rey Pousada

R/ Lino Villafínez, 11-1ª D

15704 Santiago de Compostela (A Coruña)

Telf.: 981 562 734

609 884 630

660 298 070

Fax: 981 562 734

monicreques@mundo-r.com

O 4 de marzo de 1979, Marcelino de Santiago (Kukas) e Isabel Rey Pousada fundan en Santiago de Compostela Os Monicreques de Kukas, a compañía de teatro de marionetas máis antiga de Galicia e unha das máis estables do panorama teatral galego. Nestes case 30 anos de existencia produciron máis de 40 montaxes teatrais, entre espectáculos de teatro de marionetas, ruadas e teatro de actor. Participan habitualmente nos diversos circuítos teatrais que se programan en Galicia e en feiras e festivais internacionais.

En 1994 representa *O Mariscal*. O Parque Temático dos Pobos de España de Kintsetsu en Xapón encárgalles 6 marionetas cos seus orixinais mecanismos para a súa exposición permanente (1995). En 1997 leva aos escenarios *Unha noite no Pórtico do Paraíso*, un espectáculo sobre a Galicia medieval.

Son obras posteriores: *O retablo de Maese Pedro*, de Manuel de Falla (2001), ópera para marionetas dirixida por Ros Marbá xunto á Real Filharmonía de Galicia. *O Carnaval dos animais*, de C. Saint Saëns (2003), baixo a dirección de Ros Marbá coa Real Filharmonía de Galicia. *A Cantata San Nicolás*, de Britten (2004), dirixida por Maximino Zumalave. *Galiza Mágica* (2004), un espectáculo para representar en prazas e espazos naturais baseado en lendas populares. *A doncela guerreira*, de Rafael Dieste (2006), espectáculo conmemorativo do Teatro de Fantoques das Misións Pedagóxicas da II República Española.





OS MONICREQUES DE KUKAS

Autor: Marcelino de Santiago (Kukas)

Dirección: Kukas e Isabel Rey

Escenografía: Kukas

Iluminación: Miguel Cabaleiro

Vestuario: María Gaiteiro

Música: Suso Alonso

Elenco: Marcelino de Santiago, Helena Fernández,
Alba Fernández, Alberte Viveiro, Isabel Rey

**Sen título 4x8x6 (técnica
mixta sobre o escenario)**

Espectáculo de gran formato dirixido a todos os públicos co que se quere transmitir e amosar a maxia da creación artística conxugando os actores, as esculturas-monicreques, a acción de pintar en directo, a informática, o vídeo, a poesía, a música e o canto dun xeito sutil, sinxelo e divertido.

A mestura de actores e monicreques permítenos realizar unha viaxe polo mundo da arte introducindo o espectador no proceso da creación artística, nese momento máxico no que da nada xorden o xesto e as formas, e as cores e o movemento crean figuras e espazos, no que os sons se van convertendo en música e harmonía, no que a palabra se converte en poesía e canto e no que as esculturas, animadas polo movemento e a música, danzan e cobran vida converténdose en monicreques.

Estrea: 29 de abril de 2007 ---- Duración: 1.00 h ---- Todos os públicos

Produccións Acontrabutaca

Xosé Lueiro Lemos

Rúa San Antón, 2º G


36680 A Estrada (Pontevedra)

Telf.: 986 575 311

647 411 970

acontrabutaca@gmail.com

Acontrabutaca é unha compañía teatral de recente creación, que comezou a súa andaina a comezos de 2007 e que naceu co claro obxectivo de apostar por una liña comercial de teatro dirixida á comedia e á produción infantil. Por iso a súa finalidade última é divertir e entreter, tamén aos máis cativos, fieis e futuros espectadores de teatro.





Autor: Wonderland Group
Dirección: Xosé Lueiro
Axudante de dirección: Ursia Gago
Asesora de dirección: Anabell Gago
Escenografía: Paco Oti
Iluminación: Paco Oti
Música orixinal: Xosé Lueiro
Produción musical: Fernando Campos
Vestuario: Paco Oti
Realización vestuario: Lupita Cusidó
Realización escenografía: Rodrigo Roel
Asesoría monicreques: Jorge Rey
Asesoría esgrima: Adolfo Ortega
Maquillaxe: Trini Fernández
Asistencia técnica: Javier Adán
Grafismo: Fran Ameijeiras
Produción: Producións Acontrabutaca
Elenco: Nuria Sanz, Patricia Vázquez, Ana Puente,
Fran Ameijeiras, Rocío González

PRODUCCIÓN ACONTRABUTACA

Robin Hood

Despois de cinco anos nas Cruzadas, Robin volve á súa vila natal con idea de atopar un merecido descanso. Ao pouco de chegar, descobre con sorpresa que o malvado príncipe Xoán está a explotar a vila de Nottingham con abafantes impostos. Ante a ausencia do seu irmán Ricardo, monarca titular da Coroa, o príncipe maquina plans para facerse co trono; plans que demandan, entre outras exixencias, concertar a voda coa súa curmá lady Marian. A aparición de Robin, unida á colaboración de Trasno e Little John, fará que as cousas se precipiten de forma ben distinta a como poderían ter sido se un heroe non pasase por alí camiño de algures.

Estrea: 12 de outubro de 2007, Teatro Principal, A Estrada ---- Duración: 1.05 h aprox.
Comedia de aventuras ---- Todos os públicos

Sapristi

Mercedes González Castro

Lugar de Ribas - Oza, 7

15886 Teo (A Coruña)

Tel.: 981 534 134

679 449 970

Fax: 981 534 185

emedous@emedous.com

<http://www.emedous.com>

Sapristi comeza a súa andaina en 2005 como empresa tutelada, nun principio, por Mohicanía S.L. e, máis tarde, por P.T. Excéntricas. Pasa de ser un proxecto meramente estético a se converter nun proxecto empresarial independente, o que propicia un desenvolvemento máis áxil do seu proxecto estético, cunhas máximas que están presentes no espectáculo *Hotel Run*: a interacción de danza, música e teatro, a presenza escénica da música, o achegamento aos extremos do cómico e o tratamento de contidos universais, postulados estes que pretenden transmitir ao eido empresarial para acadar unha entidade equilibrada e sustentable.

O que naceu, pois, con Sapristi non é unha nova empresa de producións escénicas, senón un organismo que ten como razón de ser a materialización dun xeito particular de entender o espectáculo.





Autor: Jose Campanari

Dirección: José Campanari –escena–
Fernando Reyes –sonora.

Escenografía: Suso Montero

Diseño de son: Fernando Reyes

Iluminación: Baltasar Patiño

Vestuario: Suso Montero

Música: Fernando Reyes

Coreografía: Sapristi

Elenco: Nuria Sanz, Patricia Vázquez

SAPRISTI

Ó son das cousas

O son do vento, os bocexos, o croar das ras, o ladrado dun can, o repenico dunha gota, o tictac dun reloxo... Estes e outros moitos sons forman parte da linguaxe deste espectáculo. Sara e Berta, escoitadoras e recolectoras de sons, andan de aquí para alá e xogan con canto son atopan ou recordan.

Un espectáculo de clown para público de 3 a 5 anos. Un xoguete escénico sonoro visual que fai unha viaxe lúdica por situacións cotiás ao son das cousas.

Estrea: 24 de abril de 2007, Santiago de Compostela ---- Duración: 1.00 h ---- Musical ---- A partir de 3 anos

Talía Teatro

Artur Trillo Sendón

Calzada, 15- 1º

15270 Cee (A Coruña)

Telf.: 630 877 153

arturtrillo@hotmail.com

Talía Teatro nace no ano 1988 no concello de Cee como grupo de teatro afeccionado vinculado á Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade, entidade organizadora da Mostra de Teatro de Cee. No ámbito empresarial, a compañía dedícase á produción e distribución de espectáculos teatrais, cunha infraestrutura propia que lle dá carácter permanente, a través da contratación ocasional de profesionais alleos á compañía e contando co aval de diversos programadores e concellos.

En canto ao labor sociocultural, Talía encárgase de organizar a Mostra de Teatro de Cee. Realiza unha edición dunha colección de textos teatrais (tres números e o cuarto en pro-

xecto). Tamén corre pola súa conta a organización da Escola de Teatro de Cee, patrocinada polo Concello de Cee, á que lle proporciona tres monitores e que no curso 2005-2006 contou con 150 alumnos.

Son obras da compañía: *O Rei aborrecido*, de Xesús Pisón (1988). *Aquí non paga ninguén*, de Darío Fo (1989). *O crime de Aldea Vella*, de Bernardo Santareno (1990). *Gaivotas subterráneas*, de Alfonso Vallejo (1991). *Aí, Carmela*, de J. Sanchis Sinisterra (1993). *T. W. C.*, Colectiva (1994). *Fando e Lis*, de Fernando Arrabal (1994). *Rezagados*, de Ernesto Caballero (1995). *A secreta obscenidade de cada día*, de M. A. de la Parra (1996). *Pedro e o capitán*, de Mario Benedetti (1996). *Retén*, de Ernesto Caballero (1997). *Marsal Marsal*, de J. Sanchis Sinisterra (1998). *Soños dun sedutor*, de Woody Allen (2000). *Menos lobos*, de Artur Trillo (2000). *Dakota*, de Jordi Galceran (2001). *Supermáis*, de J. M. Benet i Jornet (2002). *Xustiza infinita*, de Cándido Pazó (2002). *Bicos con lingua*, de VV.AA. (2003). *A paz do crepúsculo*, de Itziar Pascual (2003). *Eu así non xogo*, de Artur Trillo (2003). *Molière final*, de Roberto Salgueiro (2004). *Mundos contados*, de Paula Carballeira (2005). *Esperando a Godot*, de Samuel Beckett (2006). *O merlo branco*, de Cándido Pazó (2006). *Quero ser grande* (2007).





TALÍA TEATRO

Autor: Cándido Pazó

Dirección: Artur Trillo

Escenografía: Carlos Alonso

Diseño de son: Manolo Vázquez

Iluminación: Dani Trillo, Artur Trillo

Vestuario: Carlos Alonso, Cloti Vaello

Música: Manolo Vázquez

Elenco: Marta Ríos, Toño Casais, Rosi Barcala,
David Creus, Dani Trillo, María Ordóñez, Diego Rey

O merlo branco

Papá Merlo e mamá Merlo teñen un merliño.
Que ilusión! Un merliño! Pero cando o merliño
nace... Que desilusión! Que contrariedade! É
branco!!! Pero como? Todos os merlos son negros!
Todos os merlos son negros! Todos! O merliño,
ao verse rexeitado polos seus pais, decide irse
da casa. É aquí cando comeza a aventura do noso
merliño na busca de paxaros aos que asemellarse,
porque, se non é un merlo, que é?

Tanxarina Títeres

Eduardo Rodríguez Cunha

R/ Eidos, 49

36800 Redondela (Pontevedra)

Telf.: 986 402 966

607 233 681

Fax: 986 402 966

tanxarina@tanxarina.com

<http://www.tanxarina.com>

A compañía Tanxarina Títeres foi fundada no ano 1983 por varios ex alumnos de Harry Tozer, profesor de construción e manipulación de marionetas de fíos do Institut del Teatre de Barcelona, e tamén outros profesionais galegos do teatro infantil e xuvenil. Dende entón, converteuse nunha das formacións máis recoñecidas e prestixiosas do teatro de monicreques galego, tanto dentro como fóra de Galicia, e nunha habitual nos numerosos festivais de teatro que se convocan non só en España e Portugal, senón en Europa e América.

Actualmente, son varias as producións que esta compañía mantén en cartel: *Monstros de risa*, unha montaxe na que emprega marionetas de fíos e actores. *Contaloucos*, coa técnica das siluetas animadas, os monicreques de vara e outros. En *Os narigudos*, cóntannos a historia con monicreques de luva e variñas, cunha introdución musical en directo. *Rapatú* combina os *muppets* con actores. *Titircircus*, marionetas de fíos e tamén actores, igual que *Titircircus medieval*. Con anterioridade, realizaron montaxes como: *Mariquiña ten un gato*; *Coca, a volta da besta*; *Migallas e cirigaitas*; *O bebé*; *O cumpreanos da infanta*; *Pum, kataplof, chas!*; *Rosalía no país do sol*; *Santiago e Tutti fruti* foron tamén obra da compañía.





TANXARINA TÍTERES



Autor: Tanxarina

Dirección: Eduardo R. Cunha "Tatán"
e Miguel Borines

Escenografía: Tanxarina

Diseño de son: Tanxarina

Iluminación: Andrés Giráldez

Vestuario: Fondecon

Música: Anxo Graña e outros

Elenco: Miguel Borines, Andrés Giráldez, Eduardo R.
Cunha "Tatán"

Sombriros sen chapeu

Tres sombreiros, construtores de sombras, lévan-nos da súa man a un espectáculo músico-visual composto de pequenas historias onde personaxes como Charlot, o camiñante, a cantante de ópera, o manipulador de marionetas... e outros van facer as delicias de pequenos e grandes.

Estrea: 28 de abril de 2007, Redondela ---- Duración: 45 min. ---- Monicreques ---- A partir de 3 anos

Títeres Cachirulo

Jorge Manuel Rey Rivas

Rúa Loureiro, U5-C, baixo D

15894 Teo (A Coruña)

Telf.: 981 801 237

605 880 858

Fax: 981 801 237

cachirulo@titerescachirulo.com

<http://www.titerescachirulo.com>

A compañía Títeres Cachirulo nace no ano 1986 en Santiago de Compostela e representa o seu primeiro espectáculo no transcurso da I Mostra da Literatura Infantil e Xuvenil, realizada en Santiago de Compostela no mes de xaneiro de 1986.

Dende os seus comezos, o grupo Cachirulo realizou obras de carácter humorístico orientadas a unha comunicación directa dos nenos e nenas cos monicreques. Estas montaxes tiveron

unha cálida acollida por parte do público, que axiña converteu Cachirulo nun grupo emblemático no panorama teatral de Galicia.

Toma parte activa en diversos eventos directamente relacionados coa dinamización do teatro: a programación de monicreques da Sala Yago, a revista Bululú ou o actual Festival Internacional Galicreques.

Nos últimos anos, Cachirulo está dando a coñecer o seu traballo máis alá das fronteiras galegas, levando o seu teatro de monicreques a diferentes mostras e festivais, fundamentalmente de Europa e América Latina.

Son mostras do seu traballo: *A Bela e a Besta*, de Jorge Rey (1988). *A guerra das Galicias*, de Jorge Rey (1997). *Pinochio*, de Jorge Rey (1998). *Catro contos da China*, de Yang Feng (1998). *Santiago, historia dunha viaxe*, de Jorge Rey (1999). *El-Rei Artur e a abominable dama*, de Marilar Aleixandre, de Carmen Domech e Jorge Rey (2002). *A pedra que arde*, de Jorge Rey (2003). *Camiño de aventuras*, de Jorge Rey (2005). *O libro da selva*, de Jorge Rey (2006). *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, de Jorge Rey (2007). *O calcetín amarelo*, de Jorge Rey (2007).





TÍTERES CACHIRULO

Autor: Jorge Rey

Dirección: Jorge Rey

Escenografía: Carmen Domech

Diseño de son: Alfredo Padilla

Iluminación: Cachirulo

Vestuario: Carmen Domech

Elenco: Carmen Domech, Jorge Rey

Do, re, mi, Mozart xoga aquí

Espectáculo de marionetas de fío talladas en madeira que locen os seus elegantes movementos nun retablo barroco.

Unha invitación do emperador convoca o neno Mozart a tocar en Palacio. Isto esperta a envexa e desconfianza do mestre de cámara, que intentará impedir a celebración do concerto. Mentres, o neno, vivaz e alegre, sedúceo coa súa xenialidade musical, incorporada nos seus xogos e tarefas cotiás.

Estrea: 28 de marzo de 2007, Sala Yago, Santiago de Compostela ---- Duración: 55 min. ---- Monicreques ---- A partir de 4 anos

Títeres Trompicallo

Mercedes González Castro

Antonio Gómez Vilasó, local 3

15702 Santiago de Compostela (A Coruña)

Telf: 981 534 134

679 449 970

Fax: 981 534 185

emedous@emedous.com

<http://www.trompicallo.com>

A compañía Títeres Trompicallo inicia a súa andaina no ano 1997 integrada por Marián González, Eva Sanz e Luis González, profesionais do mundo dos monicreques que se xuntan co propósito de producir, investigar e difundir a arte dos monicreques.

Desde entón levan realizado varias producións que converteron a compañía nunha das máis exitosas dentro do panorama do teatro de monicreques galego, presente nos circuítos de programación de Galicia e de Euskadi, Castela-León, Castela-A Mancha ou Madrid e en importantes festivais de carácter nacional ou internacional, como FETEN, o Festival Cómico de Maia (Portugal), o Titirimundi ou a Mostra de Teatro Infantil de Cerdanyola del Vallès (Barcelona), que acreditan a calidade dos seus espectáculos.

A *Manoladas*, primeira das súas producións, séguenlle *Drácula*, obra para adultos; *Jiñol*, con monicreques de luva; *Manolito Camaleón*, que recupera o mesmo personaxe de *Manoladas* cunha técnica renovada e perfeccionada, e, por último, *Nadarín*.





TÍTERES TROMPICALLO

Autores: Marián González e Luis González

Dirección: Santiago Montenegro

Escenografía: Marián González e Luis González

Deseño de son: Nacho Sanz

Vestuario: Marián González e Luis González

Música: Nacho Sanz

Elenco: Marián González, Luis González e Nacho Sanz

Bolboreta

Bolboreta é a historia da relación entre unha nena e o seu pai. A nena, unha princesa, e o pai, un rei, a través dun personaxe nun principio aterrador, descóbrense o un ao outro. Unha historia que fala da superación dos medos, do respecto aos que son diferentes, da forza da amizade para cambiar o mundo, da rebeldía propia dos nenos e nenas, a través da relación paterno-filial. É unha proposta nova de monicreques de mesa, con música en directo e unha espectacular escenografía móbil.

Estrea: 1 de decembro de 2006, Carballo ---- Duración: 50 min. ---- Monicreques ---- A partir de 4 anos

DANZA



Cía. Galega de Danza Contemporánea
Ballet Jesús Quiroga

María Ángeles Quiroga González

San Diego, 19- 25, 4º D, Escalera B
15401, Ferrol (A Coruña)

Telf.: 981 352 890

646 606 566

Fax: 981 352 890

quirogadanza@hotmail.com

<http://www.jesusquiroga.com>

A Compañía Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga créase en 1995, fundada e dirixida polo bailarín e coreógrafo Jesús Quiroga. Dende entón, realiza un labor de difusión e profesionalización no eido cultural da Danza, producindo e representando diversos espectáculos, todos eles con grande éxito de crítica e público.

Entre as súas obras destacan: *Pájaros en Vuelo* (1992), *Muerte de Federico García Lorca* (1994), *Siddharta* (1995), *Fuente Wallace* (1996), *Ander-Mío* (1996), *Mar del Plata* (1996), *Savia Céltica* (1997), *Lembrar ou Esquecer* (1997), *Preludio y Fuga* (2000), co que obtivo oito candidaturas na VI edición dos premios Max; *O compás do outono* (2002), *Valle Rosa* (2003), *O'sole Mio* e *Sendero D esperanza*.





CÍA. GALEGA DE DANZA CONTEMPORÁNEA BALLET JESÚS QUIROGA

Autor: Jesús Quiroga
Dirección: Jesús Quiroga
Adaptación: Libro de poemas *A luz e as súas cicatrices*, de Eva Veiga.
Escenografía: Jesús Quiroga
Audiovisual: Cristóbal Novoa
Diseño de son: Jesús Quiroga
Iluminación: Jesús Quiroga
Vestuario: Ángeles Quiroga
Producción: Gloria Rodríguez
Música: Collage Musical
Coreografía: Jesús Quiroga
Elenco: Ana Belén Ferreiro, Eva Faraldo,
Iris Pintos, Sabela Adalid, Jesús Quiroga

A luz...

A luz... está inspirada no libro de poemas de Eva Veiga *A luz e as súas cicatrices*. “O sangue, sempre presente nas evocacións de Eva Veiga, dende o subconsciente de onde aflora a poesía. De todas as formas, as súas feridas son agora só cicatrices. Tamén na alma. Asombra tanta paixón. Tanta vitalidade. Tanto amor. Un cántico permanente á vida e aos seus froitos inmediatamente en sazón despois da flor. Intensísima, extrema..., expándese, pois, nun sistema reticular de símbolos que resplandecen como unha constelación fulgurante”. (Luz Pozo Garza)

Disque Danza

Olga Cameselle Estévez, dirección

Carmela Bueno, distribución

R/ Condesa Bárcena 7, 4º dta.

36204 Vigo (Pontevedra)

Telf.: 657 433 875

679 739 872

disquedanza@yahoo.es

Disque Danza xorde logo da disolución de Dobre Xiro no ano 2003. Ao longo do seu recente percorrido colaboran con creadoras/es doutros eidos artísticos, participando tamén en eventos desenvolvidos en espazos non escénicos. Nas súas propostas escénicas búscase esencialmente a comunicación por riba do tecnicismo. Disque Danza na actualidade conta con espectáculos variados, tendo dende un infantil a intervencións para a rúa.

Ao seu primeiro espectáculo, *Disque...*, no que presentaban dous traballos coreográficos: *Síntoma 0* e *Chegada a un punto*, sêguenlle pezas como *Cadanseu chapeu*, de creación propia (2006), *Paséate canalla*, unha proposta para a rúa e espazos non escénicos (2004), e *Aquí?, agora?*, proposta performática creada por Alfredo Rodríguez, Andrea Costas, Gustavo Hevia e Olga Cameselle (2006), e outras coreografías como *Silice*, creada para o programa *Desde Galicia para el mundo* (2004) e desenvolvida nunha praia das Illas Cíes.



Autora: Paula Carballeira
Dirección: Carmela Bueno e Alfredo Rodríguez
Escenografía: Javier Bello e Roberto Collantes
Iluminación: Salvador del Río
Vestuario: La Canalla
Bailarinas: Carmela Bueno, Olivia Maté,
Paula Cobián, Olga Cameselle
Actriz: Nuria Gullón



Menú vexetal (dáme verde)

A cor verde non é unha cor aburrida. Ninguén diría iso. O verde é a cor da paisaxe con boa saúde, da esperanza nova, do mar cheo de algas. Verde é a vida. Verdes son os ollos dos gatos negros, que anuncian misterios. Verdes son as herbas que curan e as herbas que matan. Verde é a cor da maxia da menciñeira.

Daquela, por que o verde é a cor da comida aburrida?, por que o verde non é a cor da comida que anuncia misterios, a comida con maxia, a comida que pide aventura?

Agora ti, despois do que che dixen, descubre que se pode xogar coa comida, que se poden mesturar sabores imposibles, combinar cores, tragar palabras, moverse ao redor das mesas, por enriba e por baixo delas.

Estrea: 17 de novembro de 2006, Vigo ---- Duración: 1.00 h ---- Contemporánea ---- A partir de 5 anos

Experimenta Danza

Carlota Pérez Fernández

Rúa Emilia Pardo Bazán 21, 2º esq.

15005 A Coruña

Telf.: 981 216 879

627 484 804

experimentadanza@yahoo.es

Experimenta Danza nace no ano 2003 da man da bailarina e coreógrafa Carlota Pérez. Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela en 1998, dedicou parte da súa vida ao estudo da danza clásica e, sobre todo, da contemporánea, que perfeccionou a través de cursos e talleres de especialización.

No ano 2000 fundou a Asociación Cultural para o Desenvolvemento da Arte Galega (ADAG) e traballou na empresa cultural Trebellar Comunicación. Destes anos son obras como: *La vida callada*, obra de teatro-danza; *En busca de hogar*, baseada no teatro de xesto; e *Los nómadas*, o seu primeiro espectáculo.

Na actualidade, a compañía na que investiu toda a súa formación artística ten o seu propio local de ensaio e a súa propia empresa cultural. Conta ademais cunha escola de danza e teatro e proxecta con entidades públicas e privadas a realización de festivais internacionais de teatro e danza a pé de rúa.

A primeira produción da compañía foi *A escondidas*, representada nas rúas e salas de diferentes cidades. No verán de 2003 estrea *Nuestros sueños en un baúl*, unha coreografía de danza contemporánea e acrobacias para nenos, á que lle segue a montaxe *Mínimas dosis*. Presentan posteriormente *Meltemí* (2005), un espectáculo dirixido por Damián Muñoz e coreografado pola compañía.

Experimenta Danza é tamén artífice do Primeiro Festival de Danza Urbana (2004), un maratón de danza celebrado no Parque Europa co que colaboran recoñecidos artistas.

Carlota Pérez dirixiu, ademais, outros traballos como: *Imagina* (2006), un espectáculo para nenos, e *Y otra vez* (2006). Tamén foi responsable do 3º Festival de Danza Aberta *Macuf en movimiento*.





EXPERIMENTA DANZA



Autora: Carlota Pérez

Dirección: Carlota Pérez

Escenografía: Manuel Lareo

Diseño de son: Tito Barbeito

Iluminación: Antón Arias

Vestuario: Experimenta Danza

Elenco: Blanca Blanco, David Edreira
e Susana Moreno

Arte a escena

Un espazo baleiro, branco. Tres personaxes mirando as obras de arte entran nelas e vólvense formas, cores, liñas, puntos, paisaxes, microorganismos, transportan cubos de cores, introdúcense no mundo da velocidade e crean un universo á súa medida.

Estrea: 19 de maio de 2007, Salón Teatro, Santiago de Compostela ---- Duración: 50 min ---- Contemporánea ---- Infantil

Javier Martín

Javier Fernández Martín

Pza. de Pontevedra 15, 1º A

15003 A Coruña

Telf.: 629 163 528

981 63 14 53

javierfernandezmartin@hotmail.com

Jugando con Dios, corto. *ALMA27*, largo. *En ruta*, corto. *A causa de un dolor de otro lugar*, corto. *Saliva y Humo*, medio. *Insultos privados*, largo. *WhiteON.project*, medio. *WhiteON.project part1&2*, largo.



Autor: Javier Martín
Dirección: Javier Martín
Escenografía: Javier Martín
Diseño de son: Javier Martín
Iluminación: Afonso Castro
Vestuario: Javier Martín
Música: varios
Coreografía: Javier Martín
Elenco: Javier Martín, Cinzia Prigone (audiovisual)

JAVIER MARTÍN

Insultos privados (*Sangre en el espejo*)

“... Todo movemento é de carne... pupilas vidrosas por cousas feitas por un tal tifón.
Medusa, puta! todo grazas a ti e todo debido a ti. ... pon os pelos de punta... di: saberás por min iso que buscas.
Gota a gota, atopo a asfixia para un exquisito orgasmo (como un Don Xoán en fuga)... creo en ti... o seu espello... vivo e vulnerable; co sangue virxe que me queda sintetiza o seu cristal, necesítao pero, por que lla dou?
Un espello que se enfronta a outro espello... escintileos sónicos.
Un vampiro que loita con outro vampiro... gústanse.
...humidade con olor metálico... Como poden ocorrer estas cousas?
días de sondas espaciais, fogos e accidentes: é “o don das tebras” (unha chave); algo que quere ser por agora ata atopar unha morte de novo interesante... meses durmiñando, paralizado, zombi... ninguén se deu conta... Ai!... (as cousas non pasan porque si no horario dos sentidos relixiosos), que marabillosa humillación!.. O teu creador debeu chorar cando te fixo... sen memoria como o Pacífico e da mesma madeira concluíu: o tempo está no meu corpo. A por el! –sentes, e equivocaste: só na poesía existimos... e un adeus con sangue na boca.”

SANGRE en el ESPEJO (insultos privados)

Estrea: 3 de xuño de 2007, Auditorio, Mera ---- Duración: 1.00 h aprox. ---- Contemporánea

Pisando Ovos

David Loira García

Rúa Rafael Alberti, 4-2º B

15172 Oleiros (A Coruña)

Telf.: 607 642 809

626 986 109

686 696 022

rutbal@hotmail.com

A compañía de danza contemporánea Pisando Ovos nace no verán de 2004 a mans de David Loira e Rut Balbís, licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, ao seu regreso de Londres, onde estiveron a estudar, na London Contemporary Dance School, danza contemporánea, composición e coreografía.

A súa primeira obra, *N8 OHX*, foi estreada en Vigo no Teatro Ensalle no festival "Isto Ferve '05". A partir do verán do ano 2005 a compañía pasa a ser compañía asociada do Teatro Galán e dende comezos de 2007 é compañía residente do Teatro Ensalle de Vigo.





PISANDO OVOS



Dirección: David Loira e Rut Balbís
Asistente de Dirección: Damián Muñoz
Escenografía: Pisando Ovos
Iluminación: Afonso Castro
Vestuario: Pisando Ovos
Coreografía: David Loira e Rut Balbís
Bailaríns: David Loira e Rut Balbís

30.000

Considerado polos propios protagonistas, David Loira e Rut Balbín, “un punto de inflexión” na súa carreira por ser unha aposta “diferente” e, dalgún xeito, rompedora coas súas anteriores producións, en *30.000* propóñennos unha peza de danza inspirada na reflexión que a eles lles tocou facer despois de acadar a axuda económica coa que sacar adiante o seu proxecto: *E ti, que farías con 30.000?*

En *30.000* pártese dunha idea que parece tan sinxela como o propio nome da obra e que, porén, está repleta de imaxes, conceptos, sentimentos e actitudes tan dispares como as que só o diñeiro pode provocar en nós e que esta parella de bailaríns leva á escena.

Estrea: 2 de xuño de 2007, Salón Teatro, Santiago de Compostela ---- Duración: 1.00 h ---- Contemporánea



FIN



igaem@xunta.es
www.igaem.xunta.es

